



Estimadas familias:

Estamos xa ás portas de comezar un novo curso escolar no que, debido ás circunstancias especiais nas que nos atopamos, decidimos pór en coñecemento unha serie de recomendacións para facer que a volta ás aulas se faga coa maior “normalidade” e seguridade posible.

O inicio do curso escolar 2020/2021 será:

- 10 de setembro: Infantil 3 e 4 anos; 1º, 2º e 3º curso de Educación Primaria e Educación Especial.
- 11 de setembro: Infantil 5 anos e 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

O horario durante o mes de setembro será de **9.00h a 14.00h**.

As consideracións de carácter xeral ás que nos temos que habituar son as seguintes:

-Desde o primeiro día é responsabilidade dos pais tomar a **temperatura** dos seus fillos antes de saír de casa e se teñen síntomas compatibles coa Covid 19 non mandar aos nenos ao cole.

-Os pais deixarán aos nenos na porta de entrada do centro sen poder acceder ao mesmo.

-Todo o alumnado deberá traer posta unha **máscara** e outra de reposto nun estoxo hixiénico identificado.

-É recomendable que cada neno traia o seu propio **xel desinfectante**.

-Cada neno traerá a súa botella de **auga** que teña escrito o seu nome. Non se poderá beber das billas para evitar contaxios.

-Para realizar calquera xestión no centro é necesario pedir CITA PREVIA no número 988225495 ou comentarlllo á titora.

-É moi **IMPORTANTE** ter os teléfonos e direccións actualizados por se o colexio ou as autoridades sanitarias téñense que pór en contacto.

-En canto ao material escolar, os días 10 e 11 os alumnos de Primaria só traerán un caderno, lapis e goma.

Recibide un cordial saúdo e lembrade que a responsabilidade de cada un será o beneficio para todos.

Ourense, 8 de setembro de 2020.